

# ROSALÍA DE CASTRO: COMO CONVENCER OS GALEGOS E AS GALEGAS DE QUE O SOMOS

Francisco Rodríguez

Catedrático de instituto e doutor en Filoloxía  
Románica

doi:10.17075/rcsxxi.2014.38





## SER GALEGA, EMANCIPADA E AVANZADA

É evidente que Rosalía tiña un temperamento artístico, con todo o que iso comportaba nunha muller no século XIX. O seu obxectivo era influír, comunicarse, máis aló do ámbito doméstico, a través da literatura, ademais de intentar vivir dela, en calquera das súas manifestacións, como vía para acceder á independencia económica e á dignidade persoal. Non é de estrañar, pois, que tivese obsesións e ansiedades orixinadas por esta aspiración, pola consecución destes obxectivos como escritora. É moi notoria nas súas manifestacións escritas unha característica da súa personalidade, a independencia de criterio, un alto sentido da súa dignidade persoal, para nada relacionada coa presunción e a soberbia, e a convicción de todas as persoas sermos iguais, alén da condición nacional, social, sexual, de xénero, idade, relixión ou raza. A súa atrevida decisión de intentar vivir como unha muller libre, malia as limitacións do seu status económico, carente de patrimonio detrás, alén dos inconvenientes derivados da súa condición feminina acabaron creándolle unha imaxe de *bohemia*, primeiro, *estrafalaria*, máis tarde, e *louca*, finalmente, nos círculos próximos, no medio en que se movía. A verdade é que nunca se ponderará a valentía de Rosalía como se debería, e o seu significado revolucionario dentro do intento da muller por se emancipar, custe o que custe, partindo de condicións moi adversas, e moito máis optando por alternativas ideolóxicas e culturais confrontadas co deseño dominante. Aludamos a uns cantos trazos que a significan de maneira especial: falta de bens propios que administrar, casada e, ao cabo, con fillos, valentía arrichada para publicar sen recurso ao pseudónimo, compromiso non só coa emancipación da muller senón coa emancipación social do seu pobo, pertenza e identificación coa periferia do sistema, unha nación, con lingua negada. Todos eles xuntos mostran unha personalidade e un esforzo tan singular como único no espazo europeo do seu tempo. Aliás, nada que ver coa imaxe construída, de forma lenta, pero intencionada e inexorable, após morta, especialmente na transición de fin de século e no primeiro cuarto do século XX.

As condicións ou condicionantes favorábeis para desenvolver esta capacidade e predisposición estaban na súa condición social e familiar, a fidalguía en proceso de ruína, na súa poderosa formación intelectual de muller ilustrada, grazas, en parte, á convicción materna sobre as calidades da súa filla, ao tempo que a súa socialización na infancia nun medio galego e popular campesiño, no seu carácter atrevido e con ansias de independencia, na súa especial sensibilidade perante a discriminación e a marxinalidade. Así foi como nela se produciu unha osmose ou simbiose entre o popular e o culto, entre a tradición e a modernidade, entre o individual e o colectivo, entre o persoal e o nacional. A osmose afianzouse, ademais, por unha comprensión intelectual do mundo nada allea a unha afectividade e sexualidade heterodoxa, nada convencional e moito menos dogmática. O ideal afectivo e erótico de Rosalía casaban axeitadamente co seu proxecto ideolóxico e cultural, descubríndose e reforzándose mutuamente. No fondo, estaba a aguda sensibilidade perante a discriminación e unha aposta decidida pola igualdade do diverso e diferente. Podemos cualificar esta concepción de democrática. Rosalía tiña unha conciencia máis que clara sobre a evolución da historia e da sociedade, facilitada pola súa situación de clase, a da fidalguía rural galega, en retroceso e ruína (Rodríguez, 1986). É ben significativo que na súa primeira obra en galego, de tan marcado ton popular e reivindicativo, introduza a decadencia desta clase social, a dignidade dos seus antepasados, e as referencias aos seus xogos, relacións e afectos infantís na atmosfera e no ambiente rural ben fermoso do pazo de Arretén, a Casa Grande doutra época, desprazada polo inexorábel ascenso doutro modelo económico e social (Castro, 1976: 145).

Desde logo, o democratismo rosaliano non pecaba dunha esquemática identificación co liberalismo e o progreso do mundo burgués en ascenso, co capitalismo como sistema, lexitimado pola liberdade individual, acompañada da desigualdade económica, e pola loanza da propiedade privada. Máis ben era propenso a desvendar as novas opresións que comportaba. Velá a proclividade rosaliana a unha especie de socialismo ou populismo, de fondas raíces evanxélicas, polo que podemos considerala unha anticapitalista. As concomitancias e coincidencias sitúana máis ben no campo dos socialistas utópicos, sen reducila a eles. Non se ponderou nunca como se debería o feito de unha muller desta extracción social situarse claramente a prol de os labregos galegos facérense coa propiedade plena da terra, defendendo a desaparición do foro e liberándoos da succión das rendas polos señores parasitarios, en parte a fidalguía. De feito, nun dos primeiros poemas que Rosalía publica en

galego, «¡Adiós, que eu voume!» (*El Museo Universal*, 24-XI-1861), vincula o problema da emigración, a través do monólogo dun labrego, á necesidade de traballar unha terra que non é súa en beneficio dos señores: «Por xiadas, por calores / desde que amanece o día / dou á terra os meus sudores, / mais canto a terra cría / todo... todo é dos señores».

Como se pode comprobar, o poema acabará formando parte de *Cantares gallegos*, e chegará a ser un dos máis coñecidos e recitados («Adiós, ríos; adiós, fontes», 1976: 69), se ben desaparece esta última estrofa, non sabemos se por unha cautela perante a censura ou simplemente por unha valoración doutra caste, estética ou de matiz e conveniencia social, atenta á intención de exaltación nacional do libro. En todo caso, non responde a unha mudanza de opinión sobre o problema do foro por parte de Rosalía. Seguramente estaba máis claramente aliñada que Murguía coa posición do seu admirado amigo, Paz Novoa, redactor da primeira lei de redención de foros, quen, nunha carta ao historiador, defendía, aproveitando o marco constitucional de 1873, unha solución que consideraba socialista (*Axeitos / Barreiro*, II, 2005: 208).

O curmán de Rosalía, José de la Hermida Castro, señor doutro pazo ruinoso, o das Torres de Lestrove, con moita experiencia madrileña bohemia ás súas costas e nada proclive ao nacionalismo nin ao galego, subliñaba, para contrarrestar o proceso de integración manipuladora en ascenso de Rosalía, que era unha poetisa «liberal y socialista» (*El Motín*, 9-8-1902. Apéndice 1). Na dupla caracterización ten razón, se entendemos favorábel á liberdade de pensamento e de expresión, e a defensora das clases traballadoras. Porén, obvia un aspecto fundamental: o seu patriotismo ou nacionalismo, co que discrepaba até a medula, estando estreitamente relacionado cos outros dous. *Unha parte importante da obra rosaliana, aquela que está escrita en galego, pero non só esta, ten como afán o de convencer os galegos e galegas, en concreto os alfabetizados e cultos, en primeiro lugar, de ser e deber seguir sendo galegos*. Frei Baltasar Yáñez del Cartillo, galego residente en Valladolid, traducía, nunha carta a Murguía (16, 2, 1865), a intención rosaliana da seguinte maneira: «[...] ruéguele U. que no deje de cantar [...] y ella podrá convertir los corazones, las bestias, los asnos y los estópidos en hombres dulces, amables, suaves y razonables; sobre todo, en amantes de la patria que les dio el ser» (*Axeitos / Barreiro*, I, 2002: 277). Camilo Álvarez Castro, o chantre da catedral de Salamanca, tamén nunha carta a Murguía (27, 3, 1865) compadeciáase así: «Yo siento en el alma ver a U. sudando gotas como garbanzos para galvanizar a ese país que es un cadáver [...] La pobre Rosalía

tampoco ceja, según U. me dice en su propósito de dar a conocer las riquezas que encierra esa madriguera de ingratos. Vms. dos son una cosa parecida a las mujeres que aman más a quien más las martiriza» (Axeitos / Barreiro, I, 2002: 283). Concordaba Rosalía coa necesidade dunha literatura «militante», segundo a expresión do seu amigo José Rodríguez Seoane (Axeitos / Barreiro, 2003: 140), estudante na Escola Diplomática, e partillaba os criterios de Murguía (1858) sobre a necesidade de poesía en galego que reivindicase a dignidade do país, «poesía de combate, capaz de transcender a poesía popular, aínda que a tomase como punto de partida» (VV. AA., 1985: 131).

## O EUROCENTRISMO E O SEU FILLO NATURAL, O ESPAÑOLISMO

Entremos, logo, en materia máis precisa para explicar a causalidade de *Cantares gallegos*, en primeiro lugar, a súa forma de concibir o problema nacional galego. Foi no período 1830-1880, como se ve, coincidente, en boa maneira, coa experiencia vital rosaliana, cando se debateu, no terreo político e diplomático, o principio de nacionalidade. O tan socorrido en ambientes académicos Eric Hobsbawm (2012: 53) pretende que semellante principio só era pensado e aplicábel, desde unha perspectiva liberal, para nacións grandes, que se consideraban viábeis, tipo Italia ou Alemaña ou, todo o máis, Polonia. Segundo el, o sentir maioritario era que algunhas das nacionalidades e linguas menores estaban condenadas a desapareceren como tales. Non cabe dúbida de que esta era a consideración de moitos liberais e demócratas, o recoñecemento selectivo do principio de nacionalidade, segundo criterios e casuísticas condicionadas. Porén, non é menos certo que esta análise reduce, de forma esquemática e simplista, de máis a realidade. Xa desde 1848, cando menos, a aspiración nacional está actuante, en maior ou menor medida, nos checos, nos irlandeses, nos maxiáres, nos noruegueses, nos fineses, nos cataláns e mesmo entre os galegos, por non falarmos de terse declarado na Córsega a primeira república independente antes de rematar o século XVIII. Outra cousa é que, nalgúns casos, o protonacionalismo ou a aspiración nacional permaneza nos lindes da reivindicación literaria, cultural, folclórica, ou sexa esta a hexemónica ou dominante, aínda así, dentro dunha orientación ideolóxica nacionalista, malia non chegar a callar en práctica política organizada, conforme á análise de Miroslav Hroch (1985).

É ben sintomático que a ideoloxía liberal e democrática dominante, a eurocéntrica, á hora de aplicar o principio de nacionalidade, non tivese problema para facelo como forma de consolidación dos grandes Estados da Europa occidental, monarquías centralizadas xa no Antigo Réxime, homologando Estado con pobo e nación. Desta forma, devíña nun só pobo e nunha soa nación o que eran realidades plurinacionais e plurilingües, casos de Gran Bretaña, Francia ou España. Tampouco foron reticentes para impulsar, a través da defensa deste principio, a unidade de Alemaña ou de Italia. Mesmo mostraron escasas ou nulas reservas para que servise de defensa de Polonia fronte ao dominio imperial ruso. Todo o cal indica que foron razóns xeoestratéxicas, de intereses e de influencias, alén de determinacións históricas, as que influíron decisivamente no recoñecemento, influencia e consecuencias da aplicación do principio democrático da nacionalidade, da soberanía e do dereito a un Estado propio.

Xustamente, durante o período 1830-1880, foise construíndo a idea de que existía un só pobo, o español, unha soa nación, a española, e un Estado centralizado que representaba a súa soberanía. E foi tamén neste período cando se fixo inevitábel que moitos galegos conscientes se preguntasen sobre a súa condición nacional e sobre as aspiracións da súa nacionalidade, do seu pobo. E comezaron a facelo militando dentro de correntes ideolóxicas, de organizacións e partidos, de ámbito español, liberais, progresistas, demócratas, republicanos. Non foi menor a contradición entre as preguntas que se facían e a forma de desenvolver a política práctica estas correntes, organizacións e partidos, no tocante á concepción da soberanía, da nación e do Estado. Moi en concreto, Murguía, de forma directa, pois militou no progresismo, formando parte dos seus comités. De feito, acudía en Madrid aos tés literarios que organizaba para os seus amigos políticos e particulares Salustiano Olózaga, nos anos sesenta, unha forma de exercer o non sempre respectado dereito de reunión. Eran xuntas exclusivamente masculinas e nelas servíanse «con profusión dulces, helados y refrescos» (*El Contemporáneo*, 7, 5, 1864, recollido de *Las Noticias*). Ademais recitábanse poemas, tocábase o piano (nesta ocasión, fíxoo o deputado prusiano Von Benda con composicións alemás) e outros instrumentos musicais, e cantábase ópera e «aires nacionales» (*ibidem*). A exclusión feminina fica patente neste parágrafo da información xornalística: «[...] lejos de estos salones, y como en el hogar de la familia, recibían a sus amigos de confianza en otras habitaciones, las lindas señoritas de Olózaga, hija y sobrina del señor don Salustiano [...]». Nosotros

que no éramos amigos, y mucho menos de confianza, no podemos dar detalles de lo que en aquellas habitaciones pasaría; pero sí darlos de todo lo ocurrido entre los individuos del sexo masculino» (*ibidem*). É tamén moi interesante o feito de Murguía recitar «un precioso romance en el dialecto gallego, debido a la pluma de su señora esposa, doña Rosalía de Castro» (*ibidem*) e que Víctor Balaguer, tamén presente, fíxese o mesmo «con una magnífica oda en dialecto catalán» (*ibidem*). Aliás, aproveitouse a ocasión para recitar «la bella descripción de un auto de fe, puesta en boca de Felipe II, en un drama prohibido por la censura» (*ibidem*). Dous anos máis tarde, Rosalía elaboraba un poema de saudación ao dirixente progresista Olózaga, a petición dos artesáns de Santiago, co gallo da súa inminente visita á cidade. No poema, ao que o subgobernador non deu o praxe requirido para a edición, até hai pouco descoñecido, a escritora rexeita a intimidación política e a censura e pídelle a Olózaga que non esqueza as demandas de Galiza (Rodríguez, 2013). As evidencias da concepción rosaliana da literatura como intervención nos asuntos públicos —políticos, sociais e culturais— son, a cada paso, máis contundentes (Apéndice 2 sobre o poema «Alborada», *Mondariz*, 20, 3, 1920). Porén, o máis significativo é a conciencia de identificación que se expresa no verso «al pueblo que me ha dado», a marca de orixe nacional. Mesmo nun poema, en certa maneira de circunstancias, e destinado ao eloxio dun eminente político e orador progresista, non deixa de manifestar a súa condición nacional nin a esperanza de redención para Galiza. Entre a intelectualidade galega do momento, era Rosalía quen vivía o problema nacional con máis fondura e radicalidade sentimental e racional. Como vimos, había unha certa presenza deste problema, na súa manifestación cultural e literaria, nas xuntas dos comités progresistas, mais no terreo da acción política a dinámica decisoria era centralista. Rosalía e Murguía estiveron moi condicionados por non contaren con instrumentos colectivos ao servizo do seu proxecto cultural e ideolóxico, vítimas da incapacidade social e política para resolveren, en beneficio do país, moitas das contradicións que vían e vivían en relación co principio de nacionalidade. A primeira vítima desta contradición, discordancia ou negación práctica foi o seu proxecto cultural, literario e lingüístico, que acabou en certo fracaso, coa experiencia do Sexenio Revolucionario, após teren depositado nel esperanzas mesmo persoais, no caso del.

Desde logo, o sentimento patriótico enchía o corazón e a cabeza de Rosalía cunha emoción, convicción e enerxía, ao servizo exclusivo da nacionalidade galega, da súa patria, que resultaba incompatíbel co que desenvolvía e espallaba o Estado



liberal, restritivamente democrático, centralista, tal e como se foi construíndo ao longo do século XIX. Eran antitéticos o seu patriotismo galego e o patriotismo español en ascenso, e non só pola nacionalidade de referencia, senón tamén polos valores e perspectivas que os sustentaban. Por moito que a galegofobia xa se tivera manifestado, entre os séculos XV e XVIII, durante o Antigo Réxime, igual que a dependencia e a subordinación de Galiza, así como a falta de clases dirixentes propias, será agora cando se producirá un salto cualitativo en aspectos que xa incidían antes negativamente no país. Unha serie de factores influirán de forma máis incisiva e penetrante na sociedade galega, o que provocou consecuencias nunca vistas ou padecidas con tal extensión e intensidade. Ao longo do século XIX, comezou a notarse, de forma progresiva e cada vez maior, que un Estado, suprema axencia «nacional», gobernaba con intervencións tan universais e regulares que era imposíbel vivir sen ser influído, condicionado e guiado polos seus axentes, conforme a deseños lingüísticos, culturais, educativos, sociais, económicos e morais, elaborados e executados desde un centro reitor, xustificado en nome da existencia e vontade dunha nación, dunha soberanía, dun pobo, o español. Hobsbawm (2012: 90) contabiliza, entre os distintos axentes do Estado *nacional*, os seguintes: carteiros, policía, xendarmes, mestres de escola, empregados de ferrocarril, guarnicións de soldados e bandas militares. Súbditos e cidadáns eran inscritos en censos periódicos e eran obrigados, en certas idades, a asistir á escola ou servir no servizo militar. Os gobernos foron arteitando unha maquinaria de documentación e rexistro persoais dos habitantes nos que se apuntaban, entre outros, nacementos, matrimonios, defuncións, así como se expedían cédulas de identificación. As novas formas de transporte e comunicación, exemplificadas polos camiños de ferro, o telégrafo e a navegación de vapor, serviron para a creación dun mercado único a nivel estatal e facilitaron os vínculos subordinados entre centro e periferia. Non foi menor a importancia que tivo a desaparición do antigo Reino de Galicia (nova división en provincias, articulación de deputacións e concellos), formas de organización do Estado centralista e, por suposto, a incidencia dunha política fiscal máis extensiva e opresiva. Engadamos o fenómeno emigratorio, máis relevante que en todo o conxunto do Antigo Réxime, e as súas consecuencias non só económicas e sociais, senón tamén lingüísticas e culturais, reforzando, en termos xerais, a españolización do país, e teremos descrito globalmente o cualitativamente novo impacto sufrido polo pobo galego nesta fase histórica do que podemos considerar a primeira globalización capitalista.

Non en balde, a España-Nación, representada politicamente polo Estado centralista, estableceu a moeda única, conforme á idea do mercado único, e empeñouse en espallar a idea de patriotismo ou deber de servir ao Estado, á patria ou nación española, imponendo o idioma único oficial, o castelán, e catequizando cunha visión histórica inzada de fazañas e feitos gloriosos, a comezar pola invención da Reconquista, visión axustada á xustificación da primacía do concepto nacional castelán-español sobre outro calquera. Tamén aquí existían pobos que tiñan historia e, como tal, eran merecentes dun papel reitor (Castela), e outros que carecían dela (Galiza), polo que estaban destinados a seren dominados. A mellor maneira de facelo era privalos do seu pasado ou apropiárense del, se era o caso. Esta foi a dinámica seguida con Galiza, de forma especial cando durante esta etapa se realizou a invención dunha España mítica existente case desde sempre por parte de historiadores como Modesto Lafuente, Cánovas del Castillo, Miguel Morayta, Fernando de Castro ou o mesmo Eduardo Chao. A preocupación de todos eles é a consolidación do proceso de unificación do Estado-Nación e, en función deste obxectivo do presente, analizan e constrúen o pasado (Fox, 1997: 27-54). Non é estraño que Murguía e Vicetto sentisen, desde ben cedo xa, a necesidade de dotarnos de Historia como forma de contrarrestar tanta anulación e tanta ocultación á mantenta, na que se estaba articulando sobre España. O novo Estado centralista debía demostrar que tiña capacidade de expansión colonizadora, sempre unha boa maneira de galvanizar a opinión e a cohesión interna en nome dun inimigo exterior e dun afán de levar a civilización e o progreso a outras latitudes. En todo caso, moderados e progresistas, liberais e conservadores así como a maioría dos demócratas e republicanos identificábanse cunha única nacionalidade e unha única bandeira. Rosalía e Murguía tiñan que actuar neste contexto onde todo o galego arrecendía (cheiraba, sería mellor dicir) a popular, bárbaro, falto de instrución, salvaxe, pouco instruído, bruto e deforme.

John Darwin (2012: 235) explica como, a fins do século XVIII ou comezos do XIX, o sentimento de que Europa ocupaba na orde global o primeiro posto se viu intensificado por tres ideas enormemente influentes: a) a virtude do comercio como factor civilizador; b) a confianza en que as institucións, o pensamento e os comportamentos europeos eran mellores, pola súa racionalidade, que os do resto do mundo (naturalmente, considerando América do Norte, como unha prolongación europea); c) a convicción, cada vez máis estendida, de que as sociedades cristiás de

Europa tiñan a obriga urxente de levaren o evanxeo ao mundo enteiro. Na década de 1880, ficou establecida con claridade unha orde mundial eurocéntrica e unha difusión case universal do colonialismo formal e informal (*idem*: 283). O fenómeno tiña consecuencias para África ou Asia —a expansión colonial inglesa, francesa, alemá ou rusa, por non falar da española en Marrocos, ou das aventuras militares de España en México, Santo Domingo ou no Pacífico. En referencia a Marrocos, un dos xornais democráticos máis avanzados de Madrid razoaba, na súa primeira páxina, criticando o goberno da Unión Liberal, a través da pluma de Juan de Dios de Mora: «El decoro de un pueblo, cuando se siente ultrajado, y su deber y su derecho, cuando se reconoce más ilustrado que otros pueblos, son hoy las únicas causas que pueden justificar la guerra, lo cual equivale a decir que en definitiva la guerra, puesto que reprobemos el medio, no puede menos de tener consecuencias civilizadoras» (*La Discusión*, 1, 9, 1865).

A teoría da superioridade racial, económica e cultural dos europeos espallaba unha visión xerarquizada na propia Europa que se trasladaba tamén xerarquizadamente no interior dos Estados plurinacionais. Así, no Estado español, o exemplo paradigmático de pobo vítima de estereotipos xenófobos e racistas foi o galego, como diferente, emigrante, e espoliado nas súas materias primas e cunha longa historia de sometemento a Castela. A política do Estado español consistiu sempre en minar a súa cohesión social e dificultar ou impedir a súa autoestima cultural. Non cabe a menor dúbida de que comezamos a vernos a nós mesmos desde a perspectiva das ideas e os prexuízos españois, como os pobos non europeos desde os occidentais (Darwin: 379). Mentres Euskadi foi vista, de forma conxuntural, como cova da reacción polo Estado liberal por mor da súa resistencia na defensa dos foros e liberdades do Antigo Réxime, que protexían a súa nacionalidade; en Francia, Bretaña e Córsega e, en certa maneira, Provenza padeceron desprezo por reaccionarios; Irlanda apandou coas burlas e desprezos, alén da crueldade, de Inglaterra, sendo unha das poucas nacionalidades da Europa occidental que logrou a independencia como resultado dunha longa batalla, con varias fases, incluída a insurreccional e armada. Ben sintomática é a carta en galego a Rosalía de Camilo Álvarez Castro, o amigo chantre da catedral de Salamanca, na que, após encomiar *Cantares gallegos*, alude aos «homes de testa» que poderían recoller cantigas e contos dos eidos patrios, botando polo mundo adiante «unha cousa millor que a que fixo Macpherson para

honra de Escocia coas chamadas poesías d'Ossian, e tan boa como a de Moore sobre a nosa Irlanda, que nosa é polo que tu sabes» (Axeitos / Barreiro, I, 2003: 212).

Igual que se negaba, xustamente en plena exaltación do principio de nacionalidade, que a algúns pobos se lles recoñecese este dereito, tamén se negaba a condición de linguas ás que falaban, até o extremo de que mesmo os intelectuais patriotas destas nacionalidades asumiron a denominación de dialectos para elas como sinónimo de lingua non oficial. A incidencia política das filosofías do progreso e a capacidade superior do home branco europeo, xa en versión liberal (Spencer), xa en versión marxista (Engels) ou confesionalmente racista (Gobineau), afectaron de forma moi negativa pobos con linguas e culturas menores ou indefensas, sen Estado, dentro da propia Europa. Tanto que até marxistas como Engels chegaron a acreditar e a argumentar que algúns pobos e as súas linguas desaparecerían, como os checos, dentro dunha visión máis xeral que acreditaba na existencia dalgúns sen historia destinados á desaparición por asimilación ou fusión, por desnacionalización (Rosdolsky, 1980: 122-137). A Rosalía dos últimos anos, desesperanzada, vivía obsesionada e angustiada pola posibilidade de Galiza non ter futuro, desaparecer, morrer.

En todo caso, podemos afirmar que a visión de *Cantares gallegos* e *Follas novas* responde a unha óptica ideolóxico-política consciente da inevitábel alianza de problema social e nacional. Justo Beramendi, referíndose á explotación do campesiño, vía foros e tributos, e á miserenta condición de vida que obrigaba a tantos a emigrar, constata: «A arela de acabar con tal situación e de instaurar unha orde socioeconómica máis xusta atopa en Rosalía voz privilexiada e indignada» (2007: 127).

## CONTAR COA IDEOLOXÍA DOMINANTE PARA SUBVERTELA

A verdade é que a tendencia á modestia, a rebaixar o valor da súa escrita, presente xa no prólogo de *Cantares gallegos*, chega a converterse, no caso das «Dúas palabras da autora», de *Follas novas*, nunha caracterización das mulleres como só capaces de imaxinación e sentimento, que tropeza co raio ardente que o seu cerebro demostra ser e mesmo tropezou coa valoración dos que leron o libro e a coñecían, como veremos, pois considerábase unha muller filósofa. As tres mellores críticas que o libro recibiu no momento da súa saída, dúas da autoría de Alfredo Vicenti (*La*

*Ilustración Gallega y Asturiana*, 28, 9, 1880, e *Gaceta de Galicia*, 23 e 24, 11, 1880), que a coñecía persoalmente, e outra de A. López Mora (*Los Lunes de El Imparcial*, 8, 11, 1880), avogado e poeta de berce compostelán, moi ligado a Vigo, que exhumamos para esta ocasión (Apéndice 3), póneno de manifesto de forma implícita ou explícita. Na deste último, podemos ler: «Es a veces su espíritu eminentemente filosófico; prueba de ello, entre otras poesías, *Pelouro que roda*, por más que después de hojear el libro échase de ver al instante que, si la forma de todas las poesías de Rosalía de Castro es hermosa [...], el fondo, tras esa forma oculto, es casi siempre un pensamiento profundo, transcendente, una lección moral, un consejo para la vida, un aviso para la inexperiencia, una reflexión consoladora para el desengaño».

Querendo ou sen querer, o crítico está retrucando as palabras rosalianas do prólogo a *Follas novas* no tocante a un suposto carácter non transcendente nin propio do pensamentos profundos do seu libro. Os críticos coetáneos non acreditaban, como vemos, na literalidade das súas palabras destinadas a rebaixar a transcendente intención que movía a súa escrita. Á marxe dos efectos que o paso do tempo, coas circunstancias polas que tivo que pasar, provocaren no seu carácter de muller independente e digna, vítima do ostracismo social pola súa forma de ser e pensar e polo seu status económico, temos xa dabondo probas de que, nela, certas formas de acomodación aparente ao pensamento dominante non son, precisamente pola súa demasía, ao cabo, máis que trucos irónicos, retranca, en realidade, para os seus produtos pasaren a alfándega dos severos xuízos morais e políticos con maior facilidade, unha forma de prevención e autodefensa, que, ao mesmo tempo, falaba das presións que ela, como muller, sentía, tal e como acertadamente explicou Pilar Pallarés (VV. AA., 1985: 107). *Esta forma, nos prólogos de Rosalía en galego, como en moita da súa poesía, están á vez en contraste e mestura dialéctica expresiva a ideoloxía dominante e a subversión desta*. Isto evidénciase tamén, con clareza, no terreo do vocabulario e a concepción ideolóxica e política sobre Galiza no caso do prólogo de *Cantares gallegos (provincia, país, terra, patria)*. Como se evidencia na defensa que fai das mulleres labregas e a súa consideración de heroínas dunha epopea elexíaca e na súa identificación rexa con elas coa denuncia das opresións que padecen, as consecuencias da emigración en primeiro lugar. A visión tópica sobre o pensamento da muller desbarátase, ademais, pola exteriorización dunha conciencia patriótica superior e dun compromiso coa creación dunha literatura nacional que se expresa con estas contundentes palabras: «N'era cousa de chamar as xentes á guerra e deser-

tar da bandeira que eu mesma había levantado» (1976: 162). Palabras, por certo, ben pouco acordes co tópico feminino.

Atendendo á devandita constatación de que nos seus prólogos está a ideoloxía dominante e a subversión da mesma, deterémonos nunha cuestión non menor, porque deita moita luz sobre como ler *Cantares gallegos*, en función do contexto e da causa que os orixinaron. Recentemente, Pilar García Negro (2013: 40) incidiu, con énfase, en que a cita rosaliana, de agradecemento e admiración da obra de Trueba, «non autoriza a establecer unha relación de descendencia da obra da galega a respeito do basco residente en Madrid». Efectivamente, no caso do vasco españolizado, estamos perante «literatura casta e estabilizadora, apta para un amplo consumo popular» (*ibidem*). Porén, resulta, por iso mesmo, aínda máis clarificador o carácter antitético, na realidade nacional á que alude, na concepción ideolóxica, moral e na perspectiva de futuro, alén da súa calidade estética, de *Cantares gallegos*. Con todo, este carácter antitético non presupón que o coñecemento, a lectura, dos *Cantares* de Trueba por Rosalía non a tivese inspirado e dado alento para disporse a elaborar uns *Cantares gallegos*. Aqueles eran españois, moi coñecidos e espallados, nada menos que nove edicións até a morte do seu autor, protexido pola propia Isabel II, até o extremo de na quinta edición de 1862 figurar «hecha de orden y a espensas de S. M. La Reina». Pretendían cumprir a función dunha especie de catecismo dos valores que constituían e debían fundamentar a idea do patriotismo español, representado por unha monarquía confesionalmente católica, centralizadora, expresión dunha única nación española, na que o Exército e a Garda Civil teñen unha misión salvadora, fundamentada na cultura, a historia e a lingua de Castela / Andalucía, única patria á que se lle debe lealdade política. Nunha palabra, sacralizar a confusión Estado / Nación, con valores castizos e tradicionais, nos que o vasco, o catalán e o galego ocupan un papel de curiosidades residuais e marxinais, cinxidas a un valor emocional primario, nostálxico, como acontecía con Trueba e a súa morriña das montañas e vales do seu país, desde a distancia da Corte madrileña, convertida nunha nova Babilonia, para el. Velaí por que son obxecto de exaltación o exército e o servizo militar («La ordenanza militar», 1862: 156; «La vida de Juan Soldado»: 179), a Garda Civil («La guardia civil: 380), a acabada de instituír —ano 1843— bandeira española: 156, 179 e 373), a moral sexual machista e heterosexista («La rosa entre las rosas»: 99; «Una romería»: 109), o matrimonio relixioso e a monogamia («Una y no más»: 358), os valores da familia, a relixiosidade simplista

e a obediencia papista (todos os indicados, entre outros moitos), a raíña e a princesa («Cuando nació la princesa»: 229), unha mítica e falsificada historia de fazañas e heroes («Isabel la Católica»: 373), e naturalmente, todas as recomendacións e consellos correspondentes a través de sentencias e aforismos dentro da orde e moral católica: «En lo que he puesto especial cuidado ha sido en dejar mi libro tal que, sin rubor pueda ponerle en manos de un sacerdote, de una joven o de una madre honrada. Que me llamen hombre honrado, ya que no me llamen hombre de talento» (1862: 395). É unha exemplificación perfecta da ideoloxía españolista a aquela altura, con moitos mitos e valores comúns á ideoloxía conservadora e á progresista, pois partillaban a necesidade de impulsar a lexitimación popular do Estado como nación, pobo e lingua únicas.

Mais unha vez, non mentindo Rosalía sobre o libro de Trueba terlle servido de inspiración, as súas manifestacións podemos lelas á luz desa tendencia rosaliana á ironía e á retranscrición, ao gusto pola relación dialéctica entre ideoloxía dominante e subversión da mesma, sen esquecer a súa eficaz funcionalidade á hora de amolecer o control censorial. Así non parece incongruente detectar o recurso a un salvoconduto para o seu libro, nunhas circunstancias de represión e censura para temer, por máis que se trate dun libro de poesía, onde se toleraba mellor que en prosa a disidencia. Afirmando unha filiación do seu co de Trueba tiña, de certo, gañada unha indulxencia previa para os censores observaren, con menos precaución e reticencia, o libro. Non esquezamos que se trata da exaltación de Galiza e do pobo galego, e a súa lingua, nun caso, e noutro, da glorificación de España, Estado / Nación, relacionadas, en Rosalía, polo menosprezo, maltrato e discriminación que aquela recibe desta, e tamén da nación hexemónica, Castela. Aliás, resulta que nos achamos con que esta distinta perspectiva nacional confronta unha perspectiva de clase, de xénero, de moral e relixiosidade, de valores e perspectivas de futuro, radicalmente diverxentes. Se a patria española era a de Trueba, non cabe dúbida de que Galiza non tiña patria. Porén, non só Rosalía leu o libro de Trueba para coller folgos con que asumir a súa defensa do seu pobo negado, senón que, nalgúns casos, chegou mesmo a sentir a necesidade de elaborar contratextos concretos a outros da mesma temática do seu «inspirador». Desde logo, podemos comprobalo comparando poemas como «La primera verbena, parte III» e «San Antonio bendito», neste caso, a diferente forma de moral popular e de concibir a relixión e a devoción. Ou caso extremo, que demostra que a visión da sexualidade, as súas formas e consecuencias

sociais, era tan diverxente como de maior amplitude e comprensión en Rosalía, proxectándose o afán de réplica mesmo sobre *Follas novas*. Témolalo no contraste entre «A oscuras» (1862: 82) e «¡Nin ás escuras!» (1976: 208). Léndonos o prólogo dun e doutro libro, xa constatamos o contraste entre as posicións tan diferenciadas en todos os aspectos. Limitareime a subliñar a instalación nostálxica e pasiva de Trueba verbo do seu país de orixe, e cumprindo unha función de servizo ao pobo español (1862: 17-18). En fin, se queremos que o contraste resulte poeticamente ilustrativo, vexamos a integración de Rosalía, da súa familia e dos seus antepasados, formando parte do seu pobo, desde dentro del e das súas circunstancias históricas e a súa capacidade para merecer outra sorte, en «Cómo chove miudiño» (1976: 139), e o conformismo sen perspectiva de futuro de Trueba respecto do seu, en «El pasajero» (1862: 392).

## O PATRIOTISMO ROSALIANO

Teño abordado, de maneira implícita e explícita, en distintas ocasións, os elementos vertebradores da conciencia ideolóxica rosaliana (Rodríguez, 1988: *passim*; 2011: *passim*). Mais os tempos son tan confusos e propicios para manipulacións e usos indebidos que parece oportuno evidenciar, con certa contundencia, cando menos, como aborda Rosalía, sobre todo, o problema nacional galego. Así mesmo, tampouco estará de máis incidir nas causas das limitacións do uso oral do noso idioma por parte das persoas cultas da xeración rosaliana, pois considero que, sobre o seu emprego literario e artístico, xa hai dabondo páxinas clarificadoras, entre elas, algunhas de quen isto escribe (Rodríguez, 1988: 351-357; 2011: 455-483). Para abordar estas dúas cuestións, cómpre comezar por advertir que a obra poética rosaliana, de forma particular a escrita en galego, pero non só ela, está moi marcada, ás veces, por distintas perspectivas a cargo dun ou de varios suxeitos, non falemos xa do variado perspectivismo que se dá no conxunto dos poemas. Este perspectivismo social e ideolóxico maniféstase loxicamente no uso da lingua, do vocabulario, de forma concreta naquel que ten contido ideolóxico, político ou institucional. Entre 1863 (*Cantares gallegos*) e 1884 (*En las orillas del Sar*), hai neste uso mudanzas de matiz. Porén, hai algo que permanece invariábel e, se cabe, máis rexo e consolidado: Galiza é a súa única *patria*. Esta palabra, no seu contido denotativo e connotativo, é



a que define mellor o que, para ela, representaba Galiza. No denotativo, tiña o significado de nación, mesmo no seu sentido máis etimolóxico, fundamentado nunha *terra* e nunha *lingua*, realidades basilares, no pobo que a fala e que a habita; pasaba a outro chanzo logo cal era o de representar o *país* co que un ten obrigas políticas e compromisos ou lealdades morais e acababa no terreo emocional por aludir á *terra* e o colectivo co que un se sente unido por lazos afectivos e emocionais, derivados non só de compartir unha historia común, senón tamén unha experiencia do pasado e do presente que marcan e moven, neste caso contra a marxinação, a discriminación e o maltrato. Así, en *Cantares gallegos*, comprobamos como a meniña gaitreira que abre e remata o libro acaba expresando: «Non me espriqueei cal quixera / pois son de espriçansa pouca; / si grasia en cantar non teño / *o amor da patria me afoga*» (1976: 154).

A patria é, pois, a concepción rosaliana sobre Galiza. Tamén pode referirse a ela como o *seu* ou o *noso país*, a *súa* ou a *nosa terra*, e mesmo como *provincia* ou *provincias*, só cando a insire dentro do Estado como división administrativa, consideración igual á doutras, que entón resultarían por este motivo irmás. Esta dialéctica está moi presente no prólogo de *Cantares gallegos*. A forte subxectivización empática, a perspectiva emocional e racional máis interiorizada para ela é a da *miña patria* (1976: 16) e a da *súa patria*, xustamente nos contextos onde o seu compromiso e o seu deber con Galiza son máis explícitos. Cando se fala da *terra*, está máis en relación coa fermosura de Galiza e en correlato coa lingua, un dos elementos definidores co territorio. Causa certa graza comprobar como nunha carta do poeta catalán J. Sitjar i Bulcegura a Rosalía, de data outubro de 1867, referíndose ao seu amigo, o tamén poeta e historiador de Catalunya Víctor Balaguer, como LO TROVADOR DE MONTSERRAT, emigrado entón en Aviñón, se pregunte e aclare: «¿Cuándo regresará LO TROVADOR a la Terra? (cuando decimos *la Terra*, nos referimos a Cataluña)» (Axeitos / Barreiro, 2003: 537). Xa dixemos como, cando se sitúa nunha dialéctica interna ao Estado, a España, o vocabulario referencial rosaliano é a provincia ou as provincias. Mais esta categoría volve ser superada axiña collendo a alternativa de comparar Galiza «cos países máis encantadores da terra» (1976: 17), que son, nada menos, que Italia e Suíza. Mesmo chega a establecer a relación de maltrato e inxustiza Francia / España para facer evidente a incompreensión, maltrato e inxustiza de España / Galiza, co que se está levando a oposición ou antítese de Galiza ao terreo do que, precisamente naquel momento, era unha das construcións máis

férreas da ideoloxía dominante: os Estados-Nación, concretamente España. Desde logo, podemos dicir que Rosalía era refractaria a deixarse engaiolar por calquera apego emocional coa idea de españolidade en ascenso, xustamente por causa da súa identificación e a defensa da súa patria, da súa terra, do seu país.

Dáse unha certa mudanza restritiva nas súas «Dúas palabras da autora», especie de prólogo a *Follas novas* (1880), escrito en marzo deste ano, dezasete anos máis tarde que o prólogo de *Cantares gallegos*. Agora prescínlese de todo o que non sexa *a nosa terra, a miña patria*, convertida en *patria ausente e o noso país*, para se dirixir aos emigrantes da Habana, en particular aos señores da «Xunta Directiva e máis Individuos que compoñen a Sociedade de Beneficencia dos Naturales de Galicia», aos que lles adica o novo libro, nunha especie de carta pública que coloca antes das súas «Dúas palabras...», en agradecemento por tela nomeado, nove anos antes, socia honoraria, precisamente por ser autora de *Cantares gallegos*, libro que fora «o esaltado fruto de amor ó noso país» (1976: 158). Alguén pode argumentar que, en moitos outros textos da segunda metade do século XIX, podemos ver empregada a palabra *patria* ou *país* nun sentido denotativo do lugar de nacemento ou de orixe, mesmo comarca ou parroquia, sen entraren en contradición ou negación con España. É tan certo como que, no caso de Rosalía, si entran, como estamos a comprobar: nunca estas categorías lle serán aplicadas a España desde a súa perspectiva. Tan é así que foi a súa adhesión á súa *patria*, Galiza en exclusiva, a que fixo posíbel, non como exabrupto, senón como conclusión á que se chega após moitas experiencias persoais e colectivas, a súa destemida invocación, «Probe Galicia, non debes / chamarte nunca española...» (1976: 128), que así comeza a parte IV de «A Gaita Gallega», en resposta ao poeta Ventura Ruiz de Aguilera, un demócrata republicano, amigo do matrimonio Murguía-Rosalía, tan capaz de constatar a marxinação de Galiza e a galegofobia, como incapaz de asumir como lóxica a reacción rosaliana contra Castela e os casteláns polo maltrato que recibían os galegos emigrados alí para faceren a seitura (*El Museo Universal*, 25, 5, e 5, 6, 1864). Na evolución histórica e os saltos cualitativos que levaron á formulación do nacionalismo ideolóxico, Rosalía representa un salto cualitativo de envergadura (Beramendi, 2007: 133). Verdadeiramente, chegou a formular unha posición ideolóxica, no plano poético, que o nacionalismo galego tardou moito en asumir, practicamente até ben entrado o século XX, e non sempre de forma universal e pública. Acredito en que, para ela, o adxectivo *española* simbolizaba xa o Estado con todos os seus valores, poderes,

imposicións e símbolos, estruturas e negacións, tal e como se desprende desta análise. Porén, tamén hai indicios de que sentía e consideraba como unha evidencia obxectiva que eran a lingua, os estereotipos casteláns, unha historia oficial á súa medida e un dominio secular os que fundamentaban o Estado español, coa conseguinte presunción de superioridade e exercicio da soberbia e o desprezo cos galegos: non outra lectura pode ter, máis aló da experiencia persoal do suxeito do poema, «Castellana de Castilla» (1976: 97).

En todo caso, a Rosalía débémolle, na súa obra literaria, e na forma de proceder e comportarse, a maior contestación e subversión contra a ideoloxía eurocéntrica en ascenso.

## COLOFÓN: EUROCENTRISMO E ESPAÑOLISMO CLARIFICADORES NA FAMILIA

O que o fidalgo da Torre de Lestrove tiña claro, até o extremo de non se atrever a ningunha mistificación nin a formular sospeitas ou dúbidas a este respecto, era a mentalidade e o compromiso patriótico de Rosalía, por máis que se atrevese a discrepar e condenar a súa, para el, limitación intelectual e comunicativa por empeñarse en escribir nunha lingua como a galega. Escribindo sobre «La lenguas regionales», en *Las Dominicales del Libre Pensamiento* (1, 3, 1900), co gallo dunha pastoral do bispo Morgades, en defensa do uso eclesiástico do catalán, que provocou un balbordo mediático e parlamentario ameazador en Madrid, debidamente contestado en Catalunya, José de la Hermida, de forma transparente e con ínfulas universais, progresistas e republicanas, facendo de corifeo, mostra o eurocentrismo que se transfigura en españolización sen contemplacións. Paga a pena saborealo na súa integridade polas evidencias con que nos agasalla (Apéndice 4). Naturalmente, o xornal madrileño gabou con chulería *cañí* o seu autor, aproveitando para aldraxar os cataláns, en nota ao pé do artigo. Xulgado con máis obxectividade, neste conflito e debate, a comparsa, propiamente dita, era o pobre, no sentido literal, fidalgo galego.

Após o razoamento tan revelador do seu curmán, espero que comprendamos por que a obra rosaliana non sería a que é nin nos provocaría as preguntas que provoca, nin contería as respostas que contén, de non ter optado polo retorno a

Galiza e por unha identificación e defensa do seu país, consistente en convencer os galegos e galegas de que o somos, contra un deseño e proceso históricos cargados de hostilidades e opresións, dos que estamos vivindo a súa derradeira e máis perigosa fase. Á vista está que non logrou convencer o seu familiar e amigo, expresión doutra forma distinta de reaccionar, doutra actitude perante a mesma realidade. O fidalgo de Lestrove fora bohemio de mozo e optou por seguir séndoo de maduro e de vello, asumindo unha solteiría, acompañada de pobreza franciscana, pois de nada lle valeu o que o correspondente en Padrón dun xornal madrileño cualificaba de «gallarda presenza y exquisita educación» (*El Liberal*, 15, 5, 193) nin a amizade desinteresada na súa experiencia de anos, algúns coincidentes coa estancia de Rosalía alí, en Madrid, «con los poetas, los pintores, los filósofos y hasta los banqueros más notables de aquel tiempo» (*ibidem*); presumía de radicalismo, pero era inofensivo. Retornou a Padrón, pero preferiu seguir vivindo nunha fantasía, onde as conviccións estaban tinxidas seguramente do que o autor da necrolóxica denomina «hidalga coquetería» (*ibidem*). Era tamén unha forma de non enfrontar a realidade. Rosalía enfrontouna e o seu curmán era moi consciente da súa valía (Apéndice 5). *O noso país, a nosa sociedade, o noso pobo, nós mesmos, podemos ser e aspirar a seguir sendo, de forma activa, con compromisos e perspectivas, intentando figurar no mundo e contribuír a el desde nós, grazas á opción rosaliana, á súa perspectiva, a única que nos garante o futuro. Deixounos unha obra e o testemuño dun compromiso, que pasaba entón todo atrevemento. Hoxe son para nós un pozo sen fondo de onde beber e tirar ánimos, atrevérmonos a facer e responder preguntas e sentir que Galiza pode e debe ser ela mesma, e que os galegos e galegas formamos parte da Humanidade por nós mesmos tamén.*

## REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- AXEITOS, Xosé Luís / Xosé Ramón BARREIRO FERNÁNDEZ (2003): *Cartas a Murguía*, A Coruña, Fundación Pedro Barrié de la Maza / Real Academia Galega.
- BERAMENDI, Justo (2007): *De provincia a nación. Historia do galeguismo político*, Vigo, Xerais.
- CASTRO, Rosalía de (1976): *Poesías*. [Edición preparada pola Cátedra de Lingüística e Literatura Galega da Universidade de Santiago]. Padrón, Patronato Rosalía de Castro.
- CASTRO, Rosalía de (1992): *Obras completas*, III. [Edición e notas de Mauro Armiño]. Madrid, Akal.
- DARWIN, John (2012): *El sueño del imperio. Auge y caída de las potencias globales 1400-2000*, Madrid, Taurus.
- FOX, Inman (1997): *La invención de España*, Madrid, Cátedra.
- GARCÍA NEGRO, Pilar (2010): *O clamor da rebeldía. Rosalía de Castro: ensaio e feminismo*, Santiago de Compostela, Sotelo Blanco.
- GARCÍA NEGRO, Pilar (2013): *Cantares gallegos, hoxe. Unha lectura actualizada de Rosalía de Castro*, Santiago de Compostela, Alvarellos.
- HERMIDA Y CASTRO, José de la (1900a): «La lenguas regionales», *Las Dominicales del Libre Pensamiento*, 1, 3.
- HERMIDA Y CASTRO, José de la (1900b): «Los inmortales y Rosalía de Castro», *El Motín*, 4, 8.
- HERMIDA Y CASTRO, José de la (1902): «La dicha en Padrón», *El Motín*, 9, 8.
- HERMIDA Y CASTRO, José de la (1909): «El regionalismo y el nacionalismo de Galicia», *El Motín*, 25, 2.
- HERMIDA Y CASTRO, José de la (1910): «¡Oh, el regionalismo!», *El Motín*, 15, 9.
- HOBBSAWM, Eric (2012): *Naciones y nacionalismo desde 1780*, Barcelona, Crítica.
- HROCH, Miroslav (1985): *Social Preconditions of National Revival in Europe*, Cambridge, Cambridge University Press.
- MURGUÍA, Manuel (1858): «Poesía Gallega Contemporánea», *El Museo Universal*, 31, 3.
- RODRÍGUEZ, Francisco (1986): «A dialéctica da historia e a obra de Rosalía de Castro (patriotismo, populismo e socialismo utópico)», en *Actas do Congreso internacional de estudos sobre Rosalía de Castro e o seu tempo*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Universidade de Santiago de Compostela, III, 419-440.
- RODRÍGUEZ, Francisco (1988): *Análise sociolóxica da obra de Rosalía de Castro*, [A Coruña], AS-PG.
- RODRÍGUEZ, Francisco (2011): *Rosalía de Castro, estranxeira na súa patria (a persoa e a obra de onte a hoxe)*, [A Coruña], AS-PG.
- RODRÍGUEZ, Francisco (2013): «Un significativo inédito rosaliano», *Sermos Galiza*, 25, 4.
- ROSDOLSKY, Roman (1980): *Friedrich Engels y el problema de los pueblos «sin historia»*, México, Ediciones Pasado y Presente.
- TRUEBA, Antonio (1862): *El Libro de los Cantares*, 5ª ed., Madrid, Imprenta de D. Luis Palacios.
- VV. AA. (1985): *Rosalía de Castro. Unha obra non asumida*, Santiago de Compostela, Edicións Xistral.



Vertical text on the left side of the page, appearing as bleed-through or a secondary column of text.

LA DICHA EN PADRON

Decide el que esto escribe a su simpático amigo Adolfo de Muga, si su venturoso paso por aquí «Esto era el panteón» por decirlo así, del liberalismo gallego a principios de la pasada centuria, hasta el punto que al salir en la catedral del muy glorioso año de 20 de su prisión conventual, «primera» f esta villa, el inmortal Muñoz Torrero, nuestros libertos (que era lo más inteligente del pueblo) le obsequiaron con un modesto banqueto en que un célebre no quiso desmentir aquello de: «Por los frutos se conoce el árbol», intentando agotar la fiesta así: «Caflores, la sopa está en la mesa, pero no podemos tomarla, porque hoy es un día de completa abstinencia en punto a carnes; todos publicaron menos el bondadísimo anticlerico que exclamó: «Cñhor Varela, no se apene usted, porque yo tengo buelta para dispensar á usted de ese pecado». De aquí en el legendarísimo Ruiz, ayudante que fué del desventurado Toriler, al mutilado funcionario que exclamó: «Cñhor Varela, no se apene usted, porque yo tengo buelta para dispensar á usted de ese pecado». De aquí en el legendarísimo Ruiz, ayudante que fué del desventurado Toriler, al mutilado funcionario que exclamó: «Cñhor Varela, no se apene usted, porque yo tengo buelta para dispensar á usted de ese pecado».

Las lenguas regionales.

Hace algún tiempo que hebo de pedir en estas progresivas y hospitalarias columnas á la vanderis República el exterminio de las lenguas regionales, y ahora que la pastoral publica del muy famoso Morgados arroja luz á ese lingüístico insonado, así va mi gota de agua, vertiendo que quien intenta apagarlo no es de la castral región, sino de la del Poizante. Paroísimo muy eclesiástico que la inspirada musa de Eudal no nos revela: en el murchado destir de Yergantrio; la mensoñoliente de Curros, en un cuasi pejezoso portugués; la de Rosalía Castro, derrochada de sus tan humanas virtudes, que merecían universal reconocimiento, en un otuelo de limitas tan estrechos; la de Vedraguer mortuifonos ese poema que alaba la docta ortografía en ese tan dave como antipático catalán. El amor de su país no hizo á Truaba machar por su tan atrevida senda, prendiendo para sus «Cantares» el auténtico, varonil y profundamente entusiasmado ostentamiento de la indiana poesía dejó las mejores enseñanzas de su lírica para su dactilomantea Inmortalis «Oxalis del Saú».

LOS INMORTALES Y ROSALÍA CASTRO.

Ayer ha tenido lugar en esta villa, prena de los fratlanos horrores y de los de un boaterio tan imbecil como ruin, el acto de descubrir la inscripción que la Academia de la Lengua conagra á enaltecer la memoria de sus ilustre poetas; y por cierto que por esta vez ni limpia, ni fija, ni da esplendor. Y para que se vea que no acoto con muertos, aquí traigo los papeles: «En esta casa vivió y en ella murió etc», en vez de: «en esta casa ha vivido y en ella ha muerto», porque la favorecida que nos ocupa es muy poetesca nuestra.

Por desdicha no hay algo más distante que la causal totalidad de los elegidos para ese acto, de tan inolvidable se llama porque, que tienen de parecido el representante de un Ateneo á que se refieren estas palabras de mi opúsculo: «Low, estudiantil», en que arde el fuego sagrado que sechillara de continuo las redentoras ideas; al más neo de los profesores de la compenetrada Universidad, (que ya es ser), un catodélico á quien su republicana filiación no le impide asistir con vela y severamente vestido á las procesiones, es decir, ser de los que hacen las delicias de El Motín; un secretario de escuela de artes y oficios, cerra cñfies de la más enlevada burguesía; que impudicamente ostenta á la usanza que lo han sido los humildes aldeanos autores de una muy valerosa día, y un zarzago de carlistas, que tienen de parecido, repito, con la escritora que figura así en mi obra inédita, Gallegos notables del librepensamiento!

ROSALÍA CASTRO

Pidiendo esta elevada mujer el beneficio de la muerte voluntaria para los que la existencia es una serie no interrumpida de torturas autorizando á los que han pedido justicia indultando al cielo y á la tierra para realizarla por el propio esfuerzo rebelándose con altiva contra lo injusto del perdurable castigo; afligidos hasta el llanto por las universales desventuras, y en especial por las que tiene más próximas; y loando en el diapasón sublime la positiva labor científica y á sus impulsores (pondrá algo que ver con el ideal cristiano, que impudicamente confiesa al vivir al qué leantares agoniza en medio de los más oscuros sufrimientos; que difiere el cumplimiento de la justicia para un mundo extraterrenal; que revela su inextinguible rencor con la espantosa creación del infierno; que divide los hombres en réprobos y en elegidos, y que se declara contra el profano saber por conducto de su más venerable representativa histórica!) Y habrá algo de común entre la que da nombre á este tan modesto, sabroso y la Iglesia católica, pñniedo agnética á su cñero en situación repulsiva, exaltando la memoria de un héroe protestante en sentidos y admirables versos (!) que consagra á una amiga inglesa, fervorosa creyente de Reformas, y dedicando la mejor gloria de los Cantares gallegos á Roberto Robert!

J. DE LA HERMOJA

VERITAS (I. de Hermitas) Padrón 29 de Julio de 1901.

J. DE LA HERMOJA. Padón 18 Febrero 1901. Esto es un hombre. Los Morgados y sus comparsas de La Ven, son acónimados majadores.—(N. de la R.)

Padrón 16 de Julio de 1900.

